



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLARÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Ramal, 3, Tortoreos  
36449 - AS NEVES  
Tfno. 986648455 - Fax 986648191  
[ies.pazo.merce@edu.xunta.es](mailto:ies.pazo.merce@edu.xunta.es)  
<http://centros.edu.xunta.es/iespazodamerce>



# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

**CURSO 2016/2017**

**IES PAZO DA MERCÉ**

**AS NEVES**

## Índice

|                                                                        |    |
|------------------------------------------------------------------------|----|
| CAPÍTULO I.....                                                        | 3  |
| CAPÍTULO I.....                                                        | 3  |
| PLAN ANUAL.....                                                        | 3  |
| PLAN ANUAL.....                                                        | 3  |
| 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS.....                               | 3  |
| 2. RECURSOS.....                                                       | 7  |
| HORARIO XERAL DO CENTRO.....                                           | 10 |
| SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....                                          | 11 |
| SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....                                          | 11 |
| CAPÍTULO II.....                                                       | 14 |
| CAPÍTULO II.....                                                       | 14 |
| DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO.....                               | 14 |
| DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO.....                               | 14 |
| CAPÍTULO III.....                                                      | 15 |
| CAPÍTULO III.....                                                      | 15 |
| PROXECTO INTERDISCIPLINAR.....                                         | 15 |
| PROXECTO INTERDISCIPLINAR.....                                         | 15 |
| PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E<br>EXTRAESCOLARES..... | 15 |
| PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E<br>EXTRAESCOLARES..... | 15 |
| PROGRAMA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.....                    | 16 |
| PROGRAMA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.....                    | 16 |

## CAPÍTULO I

### PLAN ANUAL

O Plan Anual foi informado na Claustro o día 13/12/2016 e aprobado polo Consello Escolar o día 14/12/2016.

#### 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS

| OBXECTIVOS ESPECÍFICOS                                                                                                                                                                        | MEDIDAS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| O.1<br>Posibilitar ao alumnado a adquisición dos coñecementos e competencias necesarios para a súa formación educativa e laboral.                                                             | M.1<br>Dotar o alumnado dunha educación acaída desde a perspectiva cultural e formativa, que sexa a base precisa para proseguir estudos, poder inserirse laboralmente e exercer os seus dereitos e deberes na súa dimensión social.                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| O.2<br>Defender e promover a nosa lingua e cultura.                                                                                                                                           | M.2<br>Potenciar o uso da nosa lingua e a súa estima. Velar polo seu emprego como lingua de comunicación institucional do centro, tanto interna como externamente. Apoiar o EDLG nas súas propostas e impulsar a participación da Comunidade Educativa. Potenciar o coñecemento e posta en valor do noso patrimonio cultural, material e inmaterial, e, de forma especial, o da área e contexto do centro.                                                                                                          |
| O.3<br>Fomentar a posta en valor do ensino público en canto garantía dunha igualdade efectiva de oportunidades, con atención á diversidade do alumnado dentro dun modelo de escola inclusiva. | M.3<br>Concienciar dos valores do ensino público e da súa función social, democrática e científica. Atender á diversidade do alumnado e aplicar, na medida das posibilidades reais, as medidas axeitadas en función das necesidades educativas : reforzos, seguimento do alumnado repetidor, pendentes, adaptacións curriculares, Programas de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento, opcionalidade... Colaboración entre titorías, xefatura de estudos e departamento de orientación na organización destas medidas. |
| O.4<br>Mellorar a convivencia entre os membros da comunidade educativa.                                                                                                                       | M.4<br>Desenvolver liñas de actuación para o coñecemento e a aplicación do Plan de convivencia, adaptándoo á realidade actual e                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |

**PLAN XERAL ANUAL. IES PAZO DA MERCÉ. CURSO 2016/2017**

|                                                                                                                                                        |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                                                                        | <p>normativa.</p> <p>Impulsar a prevención e a mediación como proceso de resolución pacífica e dialogada de conflitos</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
| <p>O.5</p> <p>Funcionar en igualdade entre xéneros e na non discriminación de persoas.</p>                                                             | <p>M.5</p> <p>Combater estrutural e integralmente os discursos e prácticas da desigualdade entre sexos.</p> <p>Atender nas programacións a igualdade e darlle relevo na práctica docente á contribución da muller ao longo da historia nos distintos ámbitos do saber.</p> <p>Rexeitar pedagoxicamente ideas, hábitos, pautas, prácticas que reproduzan situacións ou esquemas que naturalicen estereotipos de xénero e prexuizos sexistas. Educar no respecto polas distintas opcións afectivas. Participar nas campañas a prol da igualdade de xénero (tamén nas liñas das Escolas da Rede UNESCO).</p> |
| <p>O.6</p> <p>Continuar e mellorar o coidado das instalacións, recursos e equipamentos do centro, así como avanzar na concienciación do seu valor.</p> | <p>M.6</p> <p>Traballar no mantemento e mellora das instalacións interiores e exteriores, impulsando asemade dinámicas de coidado polos espazos verdes, na perspectiva do aprezo á propiedade e servizo públicos.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| <p>O.7</p> <p>Deseñar a defensa do medio natural.</p>                                                                                                  | <p>M.7</p> <p>Promover iniciativas de aforro enerxético. Fomentar liñas de traballo que atendan á concienciación e práctica ambiental (elaboración de materiais, recollida selectiva, reciclaxe, compostaxe, limpeza dos espazos).</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |
| <p>O.8</p> <p>Intensificar o recoñecemento e respecto da diversidade lingüística e cultural.</p>                                                       | <p>M.8</p> <p>Fomentar a interculturalidade como elemento enriquecedor da sociedade.</p> <p>Concienciar sobre a importancia do coñecemento de linguas (inglés, francés, portugués) e, de xeito particular, aprezo e favorecer as relacións con Portugal (históricas, sociais, económicas).</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| <p>O.9</p> <p>Favorecer a coordinación das actividades extraescolares e complementarias como potencial educativo de relevo.</p>                        | <p>M.9</p> <p>Racionalizar e coordinar desde unha perspectiva didáctico-pedagóxica estas actividades, evitando ao alumnado discriminacións por motivos económicos. Favorecer a colaboración entre departamentos, centros, administracións.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| <p>O.10</p>                                                                                                                                            | <p>M.10</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |

**PLAN XERAL ANUAL. IES PAZO DA MERCÉ. CURSO 2016/2017**

|                                                                             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
|-----------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>Promover as relacións con outros centros e entidades do contorno.</p>    | <p>Favorecer iniciativas que dean impulso á relación con outros centros educativos, asociacións, entidades con finalidade educativa. Potenciar encontros e colaborar en actividades. Apoiar e participar en proxectos de interese para a comunidade educativa.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| <p>O.11<br/>Contribuír á autonomía e responsabilidade do alumnado.</p>      | <p>M.11<br/>Responsabilizar o alumnado na elaboración responsable dos calendarios de exames. Desenvolver prácticas que fomenten a asunción cabal de tarefas, como ser partícipe no coidado dos distintos recursos e espazos do centro, ou xestionar con madurez accións e situacións. Fomentar e valorar estas actitudes.</p>                                                                                                                                                                                                          |
| <p>O.12<br/>Impulsar a participación das familias na vida escolar.</p>      | <p>M.12<br/>Potenciar a comunicación cos pais, nais ou titoría do alumnado: xuntanzas, información, colaboración. Avanzar no uso das novas tecnoloxías en relación coas familias (AbalarMóbil, Mensario...). Apoiar a ANPA en desenvolver o seu cometido e actividades. Cooperar, cando sexa preciso, cos Servizos Sociais dos concellos.</p>                                                                                                                                                                                          |
| <p>O.13<br/>Activar a participación do alumnado na vida do centro.</p>      | <p>M.13<br/>Potenciar o papel das delegadas e delegados como representantes do alumnado e implícalo na organización de actividades. Intensificar a súa participación nos distintos ámbitos e estruturas: EDLG, Consello Escolar, Comisión de Convivencia... en sintonía tamén coa súa responsabilidade.</p>                                                                                                                                                                                                                            |
| <p>O.14<br/>Dinamizar a biblioteca e os proxectos relacionados con ela.</p> | <p>M.14<br/>Desenvolver actividades de uso da biblioteca (consulta, lectura, documentación, exposición, encontros, debates...). Divulgar a súa importancia e fondos para a vida escolar. Mellorar páxina web, catalogación, recursos. Ampliar, de ser posible, a apertura en horas non lectivas. Aplicar o plan de mellora. Desenvolver liñas de fomento de lectura. Club de lectura. Elaborar a actualización do Plan de Lectura e o Proxecto Lector. Colaborar coa biblioteca municipal. Continuar con actividades e procesos de</p> |

## PLAN XERAL ANUAL. IES PAZO DA MERCÉ. CURSO 2016/2017

|                                                                                                      |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|                                                                                                      | potenciación da biblioteca.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| O.15<br>Fomentar as TICS entre a comunidade educativa e mellorar o mantemento informático do centro. | M.15<br>Mellorar a situación a nivel informático.<br>Optimizar a páx.web do centro con información actualizada de interese para a comunidade educativa. Mellorar os equipos informáticos.<br>Avanzar no uso de medios audiovisuais.<br>Participar en actividades de formación. Realizar un seguemento en relación coa instalación da fibra óptica na zona.                                                                                                      |
| O.16<br>Mellorar a relación entre departamentos didácticos e o traballo interdisciplinar.            | M.16<br>Fomentar a participación entre departamentos co fin de coordinar e unificar (a través da CCP) metodoloxías, contidos, nomenclaturas comúns, etc. apoiando a interdisciplinariedade e a transversalidade.<br>Facer análise de grupos a través de reunións do equipo docente e xefatura de estudos e propoñer estratexias acaídas para a resolución de problemas. Valorar resultados académicos e trasladar conclusións á Dirección, á CCP e ao Claustro. |

## 2. RECURSOS

O centro conta cos seguintes recursos que permiten achegarnos a consecución dos obxectivos propostos:

### Humanos:

- Persoal docente: 37 profesores/as a tempo completo e un profesor de Relixión compartido co IES Pedra da Auga de Pontearreas.
- Persoal non docente: unha auxiliar administrativa, dúas subalternas e dúas persoas de limpeza.

### Materiais:

Instalacións das que dispón o centro:

- o edificio antigo, que dá nome ao centro, o Pazo da Mercé
- un edificio novo
- un pavillón deportivo e un edificio que alberga os vestiarios e a casa do conserxe (actualmente en desuso por non reunir condicións de habitabilidade).

Nos edificios, ademais das aulas de grupo, inclúense:

- tres laboratorios (física, química e bioloxía e xeoloxía)

## PLAN XERAL ANUAL. IES PAZO DA MERCÉ. CURSO 2016/2017

- dúas aulas de informática (unha delas destinada exclusivamente a FB1)
- unha aula de música
- unha aula de educación plástica
- unha aula de tecnoloxía
- sala de usos múltiples
- biblioteca
- departamentos
- sala de profesorado
- cafetería
- aulas do Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes.

Así mesmo, parte do alumnado, tal e como se indica neste Plan Xeral, emprega os luns o comedor do CEIP Marquesa Pazo da Mercé.

### Económicos

Orzamento do centro. O Concello colabora puntualmente en tarefas de mantemento e na realización de actividades, así como na cesión do Auditorio Municipal. Ademais realiza unha achega económica para a axuda de realización de actividades.

Os Servizos Sociais dos Concellos de Arbo e As Neves colaboran habitualmente no seguimento do alumnado incluído nos seus programas coa dirección do instituto e co departamento de Orientación.

Para a atención a diversidade, apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe, apoio á acción titorial e a orientación académica e profesional, cóntase cun departamento de Orientación, cunha orientadora con xornada completa, unha profesora de pedagogía terapéutica, dúas titoras dos ámbitos lingüístico-social e científico-matemático e a profesora de FOL. Entre as medidas de atención á diversidade para o presente curso contamos con esforzos educativos para o alumnado exento de 2ª Lingua Estranxeira en 1º ESO e mais os PMAR en 2º e 3º da ESO.

Os mércores pola tarde impártese o CUALE A1 en inglés para alumnado de 3º e 4º de ESO.

No Equipo de Dinamización da Lingua Galega continua como coordinador o profesor Antonio Ricón Rodríguez, que substitúe no cargo ao actual Vicedirector José Antonio Rivera Rodríguez.

Este curso 2016-2017 continuarase coa Internacionalización do Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes, no que varios alumnos realizarán o módulo de Formación en Centros de Traballo dentro dun programa de mobilidade ERASMUS+.

## **HORARIO XERAL DO CENTRO.**

No tocante ás datas de comezo e final de curso, así como as vacacións e días non lectivos, séguense as directrices de calendario escolar da Consellería de Educación, publicado na Orde 7 de xullo de 2016, para o curso 2016-17.

As datas propostas como **días non lectivos** do centro e aprobadas polo Consello Escolar son o 5 de decembro de 2016 e mais o 2 de maio de 2017.

O **horario de apertura** é o seguinte:

- Mañás: de 8:45 h a 14:45 h.
- Tardes: luns de 15:40 a 19:00 e mércores de 16:15 h a 19:00 h.

No tocante ao **horario lectivo**, non mudou respecto aos cursos anteriores, polo que se mantén tal e como se indica a continuación:

### **ESO, FORMACIÓN BÁSICA E BACHARELATO**

- Luns a xoves de 9:00 h a 14.30 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 30 minutos cada día.
- Venres de 9:00 h a 14.40 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 40 minutos.
- Luns de 16.20 h a 18:00 h, dous períodos lectivos.
- Mércores de 16.20 h a 18:50 h para actividades extraescolares (CUALE).

### **CICLO FORMATIVO:**

- Luns a xoves de 9:00 h a 14.30 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 30 minutos cada día.
- Venres de 9:00 h a 14.40 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 40 minutos.
- Luns e mércores de 16:20 h a 18:50 h, tres períodos lectivos.

O **horario de verán** tamén se mantén respecto ao curso pasado. Xa que logo, o centro permanecerá aberto:

- Mes de xullo de 9:30 a 13:30
- Mes de agosto de 10:00 a 12:00

### **Horas e condicións de dispoñibilidade de uso das instalacións polo alumnado**

Os mércores pola tarde está aberto o centro para o alumnado do CUALE. Así mesmo, tamén se traballará nos proxectos nos que participamos como Escola Asociada á UNESCO

O centro polo de agora non cede as instalacións a ningunha organización, o cal non implica que no futuro, previa aprobación do Consello Escolar, se lle



puidese conceder a aquelas que o solicitasen sempre e cando tivesen informe favorable.

## **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

### **TRANSPORTE ESCOLAR**

Nestes momentos as rotas de transporte escolar que temos son 6 e fan uso delas un total de 172 alumnos, incluídos os de ensino post-obrigatorio. detállanse a continuación coas paradas e co número de alumnos que solicitaron esa rota.

#### **Ruta 1: BATALLÁNS 99PO0272-21PO0770**

**Paradas:** Rubiós Couto

Rubiós Igrexa  
Rubiós Casteliño  
Rubiós Escabadas  
Rubiós Lomba  
Taboexa Cruce  
Taboexa Miraxendo  
Taboexa Rata  
Taboexa Regueiro  
Taboexa Carrasqueira  
S. Pedro Igrexa  
S. Pedro Arriba  
S. Pedro Cividáns  
S. Pedro Abaixo  
Batalláns  
Porteiro  
Lentille

#### **Ruta 2: VIDE 99PO0273**

**Paradas:** Lamelas

Ponte Vide  
Cruce Vide  
Piñeiro  
San Cibrán

**Ruta 3: TORTOREOS 99PO0274**

**Paradas:** Chan

Liñares

Redondelo

Paredes

Estación

Porqueira

Rozas

Sela

**Ruta 4: CERDEIRA 99PO0275**

**Paradas:** Eira da Liñaza

Xastre Pedrouzón

Grupo escolar

Tendeiro

Tuia

Santa Marta

Outeiro

Runial

Estrema

Marquiño

Cerdeira

**Ruta 5: TAXI A PARADA DE CABEIRAS DA ROTA DE ARBO 99 PO0016**

**Ruta 6: ARBO 99PO0725**

**Paradas:** Barcela

Cabeiras

A Rocha

Tenda da Rocha

Arbo

Cuartel Garda Civil

**Modalidade C: LIÑA REGULAR AS NEVES-PONTEAREAS**

Concedeuse a autorización para o alumnado de ensino post-obrigatorio (Ciclo e Bacharelato) e de fóra da área de influencia utilice o transporte escolar naquelas rutas nas que haxa prazas libres, non supoñendo un incremento de custo nin paradas.

**COMEDOR ESCOLAR**

Os luns hai servizo de comedor para o alumnado da ESO. Como nos cursos anteriores, este servizo préstase no CEIP “Marquesa do Pazo da Mercé” das Neves. É preciso servizo de transporte para trasladar ao alumnado do centro e para regresar logo do xantar -en concreto utilízanse 3 autobuses-. Solicitaron praza 136 alumnos de ESO, que son acompañados por 4 profesores, facendo un total de 140 usuarios de comedor.

## **CAPÍTULO II**

### ***DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO (Anexo I)***

## CAPÍTULO III

### PROXECTO LECTOR (Anexo II)

### PLAN ANUAL DE LECTURA (Anexo III)

### PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

#### Actividades complementarias e extraescolares propostas

As actividades propostas polos distintos Departamentos e aprobadas polo Claustro e o Consello escolar son as que se indican a continuación, agrupadas segundo o Departamento que organiza:

| Departamentos        | Actividade                     | Alumnado á que vai dirixida | Datas                     |
|----------------------|--------------------------------|-----------------------------|---------------------------|
| EF                   | Semana Branca a Andorra        | 3º, 4º ESO; 1º BAC          | 1/8 ABRIL                 |
|                      | III Torneo Aarón Pereira       | ESO-1º BAC                  | 15 abril-10 xuño          |
|                      | Kayak no río Miño              | 3º - 4º ESO<br>1º BAC       | Entre 25 maio e 9 de xuño |
|                      | Sendeirismo nas Illas Cies     | 3º - 4º ESO<br>1º BAC       | Entre 25 maio e 9 de xuño |
|                      | Intercentros en Ponteareas     | ESO                         | 22 de xuño                |
|                      | Colaboración cucañas           | Todo                        | 11 / novembro             |
| Orientación          | Carla Lesión medular           | 3º- 4º ESO                  | Sen concretar             |
|                      | Saúde sexual                   | 3º ESO                      | 2º Trimestre              |
|                      | Charla Universidade            | 2º BAC                      | 2º Trimestre              |
|                      | Charla CRD                     | 4º ESO, 2º BAC, CM          | 3º Trimestre              |
|                      | Riscos na rede                 | 1º – 2º ESO                 | 1º Trimestre              |
|                      | DDHH, Paz e 25 novembro        | Colaboración con EE. UNESCO | Novembro                  |
| Or. / UV / EE UNESCO | Programa de mediación          | 1º ESO                      | 2 meses                   |
| Biloxía e Xeoloxía   | Museo do Mar de Galicia (Vigo) | 1º ESO                      | Sen concretar             |
|                      | Acuario do Grove e catamarán   | 1º ESO                      | Sen concretar             |

**PLAN XERAL ANUAL. IES PAZO DA MERCÉ. CURSO 2016/2017**

|                  |                                                                 |                      |                           |
|------------------|-----------------------------------------------------------------|----------------------|---------------------------|
|                  | Muiños do Picón e do Folón                                      | 1º ESO               | Sen concretar             |
|                  | Visita a unha depuradora                                        | 1º ESO               | Sen concretar             |
|                  | Visita ao centro de interpretación de Arbo                      | 1º ESO               | Sen concretar             |
|                  | Visita a diferentes espazos naturais (Aloia, Umia, O Grove ...) | 1º ESO               | Sen concretar             |
|                  | Visita ao castelo do Sobroso                                    | 1º ESO               | Sen concretar             |
|                  | Visita a un viveiro                                             | 1º ESO               | Sen concretar             |
|                  | Visitas pola contorna (río Termes, Camiño dos Pescadores, ...)  | 1º ESO               | Sen concretar             |
|                  | Visita central hidráulica ou eólica                             | 2º ESO               | Sen concretar             |
|                  | Inspección básica do río Termes                                 | 2º ESO               | Sen concretar             |
|                  | Visita aos museos da Coruña                                     | 2º ESO               | Sen concretar             |
| PEVS             | Saída ao mercado das Neves                                      | 1º ESO               | Sen concretar             |
|                  | Saída pola contorna                                             | 1º ESO               | Sen concretar             |
|                  | Saídas a plantacións ecolóxicas                                 | 1º ESO               | Sen concretar             |
|                  | Visita a establecementos de alimentación                        | 1º ESO               | Sen concretar             |
| Club de lectura  | Visita á Casa do Libro (Vigo)                                   | Membros              | S/D                       |
|                  | Saída ao cine                                                   | Membros              | S/D                       |
| Física e Química | Galiciencia (Ourense)                                           | 3º ou 2º ESO         | 16 ou 17 novembro         |
|                  | Semana da Ciencia (Vigo)                                        | 4º ESO e BACH        | Entre 21 e 25 de novembro |
|                  | Arpexios de Ciencia (Vigo)                                      | 4º ESO 1º BACH       | 8 de novembro             |
|                  | Ciencia ou ficción (Vigo)                                       | 4º ESO 1º BACH       | 13 de decembro            |
|                  | Obradoiro científico ou visita de ámbito                        | 2º ESO ou 3º-4º-BACH | 2º ou 3º Trimestre        |

**PLAN XERAL ANUAL. IES PAZO DA MERCÉ. CURSO 2016/2017**

|                      |                                               |                                      |                                 |
|----------------------|-----------------------------------------------|--------------------------------------|---------------------------------|
|                      | científico                                    |                                      |                                 |
| Xeografía e Historia | Saídas a lugares de interese                  | ESO e BACH                           | Sen determinar                  |
|                      | Visita a Vigo en Proxecto Terra               | 3º ESO                               | 3º Trimestre                    |
|                      | Viaxe ao Courel                               | 1º Ciclo ESO                         | 2º ou 3º Trimestre              |
|                      | Saídas ao norte de Portugal                   | 1º Ciclo ESO                         | Sen determinar                  |
|                      | Viaxe a Italia                                | 2º BACH Arte                         | 2º Trimestre                    |
| Informática          | Saída a Vigo e Pontevedra                     | CM e FPB                             | 1º ou 2º Trimestre              |
|                      | Saída a Compostela                            | CM e FPB                             | 1º ou 2º Trimestre              |
|                      | Saída a Madrid                                | CM e FPB                             | Outubro                         |
| UNESCO               | XIX Encontro de jovens cientistas de Santarem | 2 alumnxs 1º BACH                    | Do 11 ao 14 xaneiro             |
|                      | 3ª Xornada Atlántica                          | ESO                                  | Maio                            |
|                      | Programa de mediación                         | 1º ESO                               | 1º ou 2º Trimestre              |
|                      | Saídas temática UNESCO                        | Todo                                 | Sen determinar                  |
|                      | Contra a violencia de xénero                  | Todo                                 | 25 novembro                     |
|                      | DDHH: refuxiados                              | Todo                                 | Decembro e xaneiro              |
|                      | Día da Paz                                    | Todo                                 | 30 de xaneiro                   |
|                      | Día da muller traballadora                    | Todo                                 | 8 de marzo                      |
|                      | Ano internacional do turismo sostible         | Todo                                 | 2017                            |
|                      | Saídas pola contorna                          | Todo                                 | Sen determinar                  |
| Francés              | Teatro: Le Petit Prince                       | 2º – 3º ESO                          | 22 novembro                     |
|                      | Teatro / Cine en francés                      | 4º ESO e BAC (de fr.)                | 2º Trimestre                    |
|                      | Exposición: O Principiño                      | Alumnado de fr.                      | 2º Trimestre                    |
|                      | Viaxe a París                                 | Alumnado de fr. de 3º – 4º ESO e BAC | Semana anterior á 2º avaliación |

**PLAN XERAL ANUAL. IES PAZO DA MERCÉ. CURSO 2016/2017**

|               |                                                                                                             |                                  |                    |
|---------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------|--------------------|
|               | Campamento Classe Verde                                                                                     | Alumnado de fr. de 4 ° ESO e BAC | 2º Trimestre       |
|               | Actividades e saídas                                                                                        | Alumnado de fr.                  | Sen determinar     |
|               | Semana da francofonía                                                                                       | Alumnado de fr.                  | Marzo              |
|               | Colaboración co Dpto. de Bioloxía e Xeoloxía nas actividades da materia de libre configuración de 1º da ESO | 1º ESO                           | Sen determinar     |
| Lingua Galega | Semana Letras Galegas                                                                                       | Todo                             | Maio               |
|               | Semana Letra Portuguesas                                                                                    | Todo                             | Abril              |
|               | Saída a vilas do norte de Portugal                                                                          | Preferencia ao de portugués      | Sen determinar     |
|               | Viaxe ao Courel                                                                                             | 2º ESO                           | 2º ou 3º Trimestre |
|               | Correlingua                                                                                                 | ESO                              | 3º Trimestre       |
|               | Saída a unha vila galega                                                                                    | ESO e BAC                        | Sen determinar     |
|               | Teatro, cine ou exposición                                                                                  | ESO e BAC                        | Sen determinar     |
|               | Colaboración co EDLG                                                                                        | Todo o curso / sen determinar    |                    |
|               | Visita Museo Manuel Antonio                                                                                 | ESO e BAC                        | Sen determinar     |
|               | Visita Museo Rosalía e visita ao Panteón de Galegos Ilustres                                                | ESO e BAC                        | Sen determinar     |
| Música        | Concerto cantos do Nadal coro de Pontearreas e cantos das Pandereiteiras e cantareiras do IES               | Todo                             | Nadal              |
|               | Visita taller e mostra de X.M. Gil                                                                          | Todo                             | 1º Trimestre       |
|               | Visita ás instalacións da banda de Rubiós                                                                   | Todo                             | 2º Trimestre       |
|               | Semanas da Música do IES                                                                                    | Todo                             | 2º Trimestre       |
|               | Lecer do Canto e                                                                                            | Todo                             | Semana             |



## PLAN XERAL ANUAL. IES PAZO DA MERCÉ. CURSO 2016/2017

|             |                  |             |                     |
|-------------|------------------|-------------|---------------------|
|             | Vento Popular    |             | LLGG                |
| Matemáticas | Excursión Madrid | 1º e 2º BAC | 16/17 – 21 decembro |

A estas actividades, cómpre engadir as realizadas por Vicedirección en colaboración con varios Departamentos, co ENL e mais co Concello das Neves:

- Do 4 ao 11 de novembro: Exposición “Exodus: na procura de refuxio”, en colaboración co Concello das Neves e a Deputación de Pontevedra.
- 9/ novembro: Charla coloquio sobre a crise dos refuxiados.
- 11/novembro: Magosto
- 25/ novembro: Día da Violencia de Xénero
- 28/novembro: Concerto de Nadal e contra a Violencia de Xénero
- Entroido

## **Organización, funcionamento e horario da Biblioteca**

A persoa encargada da Coordinación da Biblioteca é a profesora de Matemáticas, Laura García. Neste curso académico conta con tres horas fixas de dedicación semanal á Biblioteca.

O equipo de Biblioteca está formado por profesorado de distintos departamentos (Lingua galega, Lingua castelá, Latín, Bioloxía e Xeoloxía, Francés, Informática e Inglés), con horas dedicadas exclusivamente á organización da Biblioteca (catalogación, organización de actividades, préstamo e devolución de libros/películas nos recreos...). Así mesmo, colaboran coa Biblioteca outro profesorado de diferentes departamentos que organizan actividades e/ou actos na Biblioteca.

O IES Pazo da Mercé segue a participar no programa PLAMBE, o cal nos foi concedido para o curso 2016/2017.

Por primeira vez neste últimos anos, a Biblioteca permanecerá aberta en horario de luns de 15:40 a 14:30 co fin de facilitar o acceso do alumnado no horario neste tempo de lecer. Neste período son dúas as profesoras encargadas de abrir as dependencias e mais do préstamos e devolución dos libros.

## **PROGRAMA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

O coordinador do Equipo de Dinamización e Normalización Lingüística é o profesor de Lingua inglesa, **Antonio Ricón Rodríguez**, nomeado en setembro tras o cese do anterior José Antonio Rodríguez Rivera, ao asumir este a Vicedirección.

### **Obxectivos**

- 1) Asumir, analizar e tentar de buscar solucións ao problema que supón a chegada ao centro, dun número considerable e en aumento, de alumnado de 1º do ESO que non posúe as competencias mínimas na linguaxe oral e non mantén unha actitude positiva cara á nosa lingua.
- 2) Buscar e propor, liñas de actuación conxuntas coa dirección do centro e a comunidade educativa, mantendo algunha xuntanza para perfilar actividades e analizar as novas propostas que vaian xurdindo.
- 3) Realizar unha análise actualizada da realidade lingüística do alumnado e do profesorado do centro e propiciar actividades colaborativas que leven ao uso e fomento do galego para convertelo na lingua maioritaria da comunidade educativa.
- 4) Buscar referentes para o equipo: logotipo identificador, lemas, datas relevantes...
- 5) Fomentar a participación e colaboración do alumnado, incluíndo ao non galego falante. Organización de algunha actividade conxuntamente con outro Centro.
- 6) Implicar os diferentes departamentos nas actividades do equipo. Participar das súas actividades.
- 7) Difundir o uso do galego a toda a comunidade escolar. Asesoramento lingüístico á Asociación de Nais e Pais do alumnado, se o demandase. Enlaces de interese na web.
- 8) Difundir o uso do galego nas empresas da zona. Asesoramento lingüístico se fose demandado.
- 9) Participación en campañas reivindicativas esixindo o respecto e recoñecemento debido ao galego.
- 10) Conseguir que aquel profesorado que non utiliza o galego como lingua vehicular co alumnado, comence a facelo.

### **Liñas de actuación**

|          |                                                                    |
|----------|--------------------------------------------------------------------|
| Alumnado | Facilitar e motivar a participación do alumnado, sobre todo do que |
|----------|--------------------------------------------------------------------|

|             |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
|-------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|             | <p>manifeste dificultades, nas actividades de dinamización programadas. Dotar de bibliografía axeitada a biblioteca e o ENDL para que poidan os alumnos empregalos nas súas actividades.</p> <p>Adquisición de <i>A Gran Historia de Galicia</i> publicada por La voz de Galicia, para uso da comunidade educativa.</p>                                                    |
| Profesorado | <p>Facilitarlle o material didáctico necesario en galego referente á súa área e o que precisen para a súa formación en galego.</p> <p>Asesoralo para que todos os avisos, notas, comunicados escritos... sexan redactados en lingua galega.</p> <p>Poñer o fondo editorial que se adquira a súa disposición.</p> <p>Implicalo nas actividades de dinamización do ENDL.</p> |
| Centro      | <p>Velar para que se cumpra a Lei de normalización lingüística.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |